

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA  
DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Memoria 1998**

Aprobada na Comisión da BUSC de 19 de abril de 1999

## ÍNDICE

Marco xeral.....	1
Presuposto.....	3
Persoal.....	11
Instalacións e equipamento.....	16
Desenvolvemento das coleccións.....	18
Procesos técnicos.....	25
Servicios.....	31

## MARCO XERAL

En 1998 a BUSC seguiu co desenvolvemento das súas liñas fundamentais de actuación dos últimos anos: construción da base de datos automatizada e aproveitamento das melloras tecnolóxicas nos servicios ós usuarios.

Dentro destas liñas as principais aportacións no ano 1998 foron:

- Na [www da BUSC \(http://busc.usc.es\)](http://busc.usc.es) implementáronse os seguintes produtos e servicios: formulario electrónico para realizar solicitudes de adquisicións de obras, formulario electrónico para realizar solicitudes de préstamo interbibliotecario, boletín de sumarios de revistas e acceso a revistas electrónicas, información sobre as coleccións de prensa e catálogo en web.

Os formularios de solicitudes de adquisicións de obras e de préstamo interbibliotecario pretenden mellorar dous servicios xa existentes dende hai anos na BUSC, permitindo a solicitude directamente polo usuario dende calquera ordenador conectado á rede de datos da USC.

O boletín de sumarios de acceso ós sumarios de máis de 3.000 títulos de revistas, a maioría existentes nas coleccións da BUSC. Permite ademais subscribirse a títulos destas revistas, recibindo os sumarios no buzón de correo electrónico dos usuarios propios da BUSC. O servicio de acceso á edición electrónica de revistas permite consultar 234 títulos subscritos pola BUSC que ofertan este soporte.

O acceso vía web ó catálogo automatizado da BUSC inclúe maiores posibilidades na recuperación de información a través de enlaces nalgúns campos dos rexistros bibliográficos (autor, materia, etc.). Contén tamén

enlaces cos enderezos electrónicos das revistas, sempre que estas oferten esa posibilidade.

A información sobre as coleccións de prensa na BUSC enmárcase no proxecto de divulgación a través da web, de seccións ou tipos de fondos que polas súas características (forma de publicación, tipo de documento, coleccións históricas ou especiais, etc.) precisan ser presentadas de forma homoxénea, posibilidade que non se da no catálogo.

- En 1998 finalizaron os traballos de reconversión de catálogos e catalogación automatizada nas bibliotecas de CC. Económicas e Empresariais, CC. da Educación Campus Norte (antigo Maxisterio), Arquivo Histórico Universitario, Maxisterio de Lugo e parcialmente a BX.

No último trimestre convocouse o concurso público para iniciar a automatización dos catálogos da Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, CC. Políticas e E.U. de Relacións Laborais. A automatización destes catálogos está previsto que se realice en dúas fases, polos traballos de reorganización (cambio do sistema de signaturas e constitución dunha colección separada de fondos de alumnos) que se están a facer con vistas á súa instalación no novo edificio de Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais.

A finais de ano o total de volumes de monografías e coleccións de revistas e outras publicacións periódicas introducidas na base de datos superaba as 676.000 unidades.

Finalmente sinalar que na sesión do 22 de decembro de 1998 a Xunta de Goberno aprobou o novo "Regulamento da Biblioteca Universitaria".

## PRESUPOSTO

O presuposto aprobado pola Xunta de Goberno da USC para a Biblioteca Universitaria en 1998 foi de 452.000.000 ptas, ós que hai que engadir 35.000.000 ptas para automatización de catálogos dentro dunha partida presupostaria do Vicerrectorado de Investigación e Terceiro Ciclo. A distribución do presuposto da BUSC por Capítulos foi a seguinte:

- Capítulo 2: 34.000.000 ptas. (ademais das partidas correspondentes á BX coma Centro: reparacións edificios, suministros, comunicacións, etc.)
- Capítulo 6: 418.000.000 ptas.

Estes créditos incrementáronse con diversas aportacións:

- Axudas Infraestrutura Xunta de Galicia: 59.200.000 ptas.
- Aportacións de Depart., Prox. e Centros: 39.870.469 ptas.
- Ingresos por servicios: 20.415.454 ptas.
- Descontos en librerías: 4.030.020 ptas.

Como xa se ven indicando nas memorias doutros anos, os ingresos por servicios non deben ser considerados beneficios netos, dado que os servicios prestados, especialmente de préstamo interbibliotecario do que proceden a maioría destes ingresos, supoñen custos considerables.

As aportacións de Departamentos, Proxectos de Investigación e Centros concentráronse preferentemente nas adquisicións bibliográficas, ás que se dedicaron 34.636.728 ptas, o que supón unha forte diminución, -31.05%, con respecto ó ano anterior. Un ano máis as Bibliotecas que recibiron aportacións

máis significativas dos Departamentos foron Filoloxía, Dereito e Xeografía e Historia. O desglose por tipos e centros pode verse ó final deste apartado na táboa correspondente.

En conxunto, pois, dedicáronse 516.586.759 ptas a adquisicións bibliográficas e 59.649.195 ptas a gastos de material e equipamentos.

O presuposto ordinario distribuíuse de acordo ós criterios aprobados na Xunta de Goberno, a proposta da Comisión da BUSC, cunha modificación importante respecto ós últimos anos no reparto do presuposto adicado a libros de investigación, ó introducir no cómputo de cada centro ós alumnos de terceiro ciclo. Debido os retrasos sufridos pola adxudicación do presuposto, a Comisión da BUSC decidiu que ningún centro perdera capacidade adquisitiva no ano 1998, rebaixando, polo tanto, as cantidades asignadas ós centros máis favorecidos polo novo cómputo.


Dos 403.000.000 ptas. do crédito ordinario dedicados a adquisicións bibliográficas, 260.000.000 foron para o pago das subscipcións a publicacións periódicas. Aínda que este presuposto supón un incremento do 14.5% respecto ó de 1997, en relación ós custos das publicacións nese ano (254.494.357) este incremento é só do 2.16%. En total, as publicacións periódicas importaron 275.720.010 ptas, un 8.3% máis que en 1997. Para poder facer fronte a este custo, superior ó presupostado, o Vicerrectorado de Asuntos Económicos tivo que incrementa-lo presuposto con 15.720.010 ptas.

Neste ano, coma primeiro traballo na racionalización das adquisicións, a Comisión da BUSC acordou suprimir unha suscripción nos títulos duplicados entre o Campus de Santiago e Lugo, cando o uso mostral era 0 ou se tiña acceso á edición electrónica. Estas cancelacións supuxeron un aforro de 3.872.079 nesta aplicación.

O presuposto ordinario de publicacións unitarias, 143.000.000 ptas., supuxo un incremento do 5.92% sobre o de 1997. Os criterios de distribución entre centros non variaron respecto ó ano anterior, agás no referido ó cómputo dos alumnos de terceiro ciclo, xa explicado máis arriba.

A maioría das bibliotecas pecharon o exercicio co seu presuposto executado. O presuposto xestionado pola Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, correspondente ás Facultades de Veterinaria, Ciencias, Humanidades, Escola Politécnica e E.U. de Empresariais segue a manter un alto índice do presuposto sen facturar. Estas cantidades sen facturar corresponden ás importantes remanentes do ano anterior, que tampouco neste ano foron executadas. En conxunto o total sen facturar ascende a 8.965.877, o que representa un 34.79% do total do presuposto deste ano (presuposto 1998 + remanente 1997). É de esperar que en 1999 se aborde a solución deste problema, para non seguir incrementando as remanentes de anos anteriores.

No seguinte gráfico pode verse a participación de cada punto de servizo da BUSC no presuposto de adquisicións bibliográficas:




O presuposto ordinario de equipamento, 15.000.000 ptas., destinouse coma nos últimos anos nun 50% a equipamento tecnolóxico e nun 50% a renovación de mobiliario. As principais adquisicións dentro destes dous apartados foron:

- Renovación de equipos do Servicio de Préstamo Interbibliotecario.
- Ampliación de equipamento informático e software para a xestión do sistema da BUSC.
- Adquisición de periféricos para comenza-la automatización da B. Intercentros de Dereito, Políticas e Relacións Laborais
- Renovación de equipamento informático deteriorado ou obsoleto e adquisición de equipos para consulta de Cds en monoposto.
- Renovación de sillas das Salas de consulta da B. Xeral e da B. de Farmacia e instalación de postos de consulta para investigadores na B. de Filoloxía.
- Traslado e adaptación de mobiliario excedente na B. Intercentros de Lugo e adquisición de ampliacións de mobiliario (mesas, carros, etc.) para as Bibliotecas de Económicas, Farmacia, Física, Matemáticas e Xeografía e Historia.


O presuposto do capítulo 2, 34.000.000 ptas (incremento do 6,25% sobre 1996), distribuíuse cos mesmos criterios de anos anteriores. Á B. Intercentros do Campus de Lugo se lle asignou unha cantidade similar á que tiñan no ano anterior as 3 Bibliotecas integradas neste novo centro. O incremento distribuíuse aumentando nun 6.25% o presuposto do ano anterior nas restantes bibliotecas.

## EVOLUCIÓN DO PRESUPOSTO DA BUSC

### PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



### MONOGRAFÍAS



## PRESUPOSTO ORDINARIO

### Distribución por Bibliotecas

<b>Centros</b>	<b>Monografías</b>	<b>Publicacións</b>	<b>Total adq. bibliográf.</b>	<b>Capít. 2</b>	<b>Total</b>
B.X.	30.426.002	22.658.756	53.084.759	14.049.104	67.133.863
Biología	3.950.652	15.419.889	19.370.541	1.147.163	20.517.704
Económicas	8.801.602	8.128.356	16.929.958	1.779.646	18.709.604
Der., Pol., Rel. Lab.	13.501.884	11.869.140	25.371.024	2.069.943	27.440.967
Farmacia	4.358.431	27.898.527	32.256.958	1.167.730	33.424.688
Filología	10.626.320	5.370.697	15.997.017	1.464.307	17.461.324
Fª ,CC.Educ., Psi.	19.195.718	12.166.284	31.362.002	2.069.786	33.431.788
Física e Ópt.	4.990.252	40.109.649	45.099.901	1.219.177	46.319.078
Xª -Hª , CC. Inf.	12.422.285	5.801.413	18.223.698	1.447.023	19.670.721
Matemáticas	3.465.305	30.185.524	33.650.829	1.017.636	34.668.465
Medicina	5.340.278	34.217.996	39.558.274	1.228.343	40.786.617
Química	4.092.570	36.129.534	40.222.104	1.113.248	41.335.352
Enfermería	2.115.521	560.167	2.675.688	588.913	3.264.601
Observatorio	0	2.946.607	2.946.607	0	2.946.607
ICE	0	516.575	516.575	0	516.575
Intercentros Lugo	17.225.356	20.883.803	38.109.159	3.000.000	41.109.159
Maxisterio Lugo	2.487.824	857.093	3.344.917	637.981	3.982.898
<b>TOTAIS</b>	143.000.000	275.720.010	418.720.011	34.000.000	452.720.011

## APORTACIÓNS DEPARTAMENTOS, PROXECTOS, CENTROS

Centros	Monograf. Dep. e Proxec.	Publics.Dep. e Proxec.	Monograf.Centros	Publics.Centros	Equipam.Centros	Material Centros	Total
Bioloxía	18.214	42.807	0	0	18.000	165.303	244.324
CC. Económicas	20.920	314.367	0	638.910	640.864	139.216	1.754.277
Der.,Pol.,Grad.	3.391.722	5.790.641	0	226.356	186.876	0	9.595.595
Farmacía	284.833	67.544	0	0	200.000	0	552.377
Filoloxía	9.199.078	1.018.269	0	166.947	741.432	694.240	11.819.966
Fª ,CC.Educ., Psi.	650.418	1.273.039	0	55.394	0	1.066.889	3.045.740
Física e Ópt.	12.593	555.642	0	0	0	0	568.235
Xª -Hª ,CC.Inf.	4.761.354	0	0	0	0	800.000	5.561.354
Matemáticas	300.000	590.000	766.742	500.863	0	0	2.157.605
Medicina	162.013	0	0	0	0	0	162.013
Química	0	0	0	79.545	0	0	79.545
Intercent. Lugo	1.573.495	0	0	0	0	0	1.573.495
Maxist. Lugo	145.479	0	0	0	0	580.921	726.400
Enfermería	0	0	0	0	0	0	0
Observatorio	0	0	50.000	57.570	0	0	107.570
ICE	0	0	1.575.495	346.478	0	0	1.921.973
<b>Total</b>	<b>20.520.119</b>	<b>9.652.309</b>	<b>2.392.237</b>	<b>2.072.063</b>	<b>1.787.172</b>	<b>3.446.569</b>	<b>39.870.469</b>

## AXUDAS INFRAESTRUCTURA BIBLIOGRÁFICA XUNTA DE GALICIA

1998

	Axudas Xunta
B.X.	3.621.009
Bioloxía	3.101.185
CC. Económicas	2.384.197
Der., Pol., Grad.	6.403.791
Farmacía	3.976.813
Filoloxía	3.565.012
Fª , CC. Educ., Psi.	6.127.747
Física e Ópt.	3.808.649
Xª -Hª , CC. Inf.	5.224.679
Matemáticas	3.360.754
Medicina	2.479.008
Química	4.060.795
Intercentros Lugo	9.778.777
Maxisterio Lugo	597.804
Enfermería	200.190
Observatorio	509.590

As diferencias entre as facturas pro-forma e a facturación final ascenderon a 701.705 ptas. que foron asumidas na súa totalidade pola B. Xeral.

## PERSOAL

En 1998 púxose en marcha na USC o proceso de promoción de persoal funcionario. Dentro deste proceso, no que se refire á Biblioteca Universitaria, ofertáronse 5 prazas do Grupo A, Escala de Facultativos de Arquivos e Bibliotecas, mediante concurso-oposición. As probas selectivas tiveron lugar durante o mes de novembro, e a finais de ano tomaron posesión os 5 aspirantes que superaron ditas probas :

Dna. Marta Abad López

Dna. Isabel Álvarez García

Dna. Julia Cantalapiedra Álvarez

Dna. Celia Couce Cachaza

Dn. Francisco Méndez García

Tamén neste ano, celebráronse probas selectivas para acceso ó corpo de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos, 5 prazas de Bibliotecas, mediante concurso-oposición en convocatoria de turno libre. No mes de novembro tomaron posesión os 5 aspirantes que superaron ditas probas:

Dna. Ana Andrade García

Dna. Aurora Bouza Piñeiro

Dna. Cristina Cabada Giadás

Dna. Monserrat Ortega Pérez

Dna. Marta Rincón Conde

Con motivo da incorporación destes novos Axudantes fíxose unha redistribución de persoal contratado ós seguintes centros: B. Intercentros de Física e Óptica, B. Intercentros de Xeografía e Historia e CC. da Información (Sala de prensa de CC. da Información) e B. Intercentros de Dereito, Políticas e Relacións Laborais (esta última incorporaráse a comezos do ano 1999 como persoal de apoio á automatización).

Dn. Miguel Ángel Aller Álvarez, Xefe da Sección de Servicios da BUSC, trasladouse a mediados de ano á Biblioteca Universitaria de Burgos, deixando de prestar servizo nesta Universidade.

A finais de 1998 a BUSC contaba co seguinte persoal:

- E. Facultativa de Bibliotecas: 9 (1 contrato temporal)
- Técnico de Documentación Infor.: 1
- E. Axudantes de Bibliotecas: 60
- Técnico de Xestión de Sistemas: 1
- Auxiliares Administrativos: 6
- Auxiliares Técnicos de Bibliotecas: 92
- Porteiro Maior: 2
- Aux. Servizos. Área Conserxería 4

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos.

A BUSC contou tamén con persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

Desde mediados de outubro prestan servizo na BUSC 5 Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (2 na B. Xeral e 3 na B. Intercentros de Lugo) contratados en virtude dun programa de cooperación entre a USC e a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia. Estes contratos terán unha duración de 6 meses.

Como en anos anteriores contóuse tamén coa colaboración dun Axudante de Bibliotecas do Servizo de Bibliotecas da Xunta de Galicia durante todo o ano,

4 becarios de FP en prácticas (2 na BX, 2 en Maxisterio de Lugo) e 2 da Prestación Social Sustitutoria en Xeografía e Historia e CC. da Información.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 1997 por puntos de servicio, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

### Distribución do persoal da BUSC

Centros	Fac. e Axud. Bibl.	Tco. Doc. Inform.	Tco. Xest.Sist.	Aux. Admon.	Aux. Tcos.	Conserxería
BUSC	5	1	1			
Biblioteca Xeral	18			5	15	3
Bioloxía	2				4	
Económicas	3				6	
Dereito, Polit.,Rel.	4				7	
Farmacia	2				4	
Filoloxía	5				7	
Filosofía, CC. Ed., Psi.	7				7	
Física e Óptica	2				4	
Xª e Hª e CC. Infor.	6				8	
Matemáticas e Observ.	2				4	
Medicina	3				5	
Química	2				5	
Enfermería	compartido Medicina				2	
B. Intercentros Lugo	7			1	12	3
Maxist. lugo	1				2	

Ó igual que no ano pasado, a formación continuada do persoal da BUSC centrouse neste ano, fundamentalmente, dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia. A área de Bibliotecas estivo representada, dentro da Comisión de Formación deste Plano, pola Dirección da BUSC, e enmarcados nel realizáronse 5 Cursos específicos nesta área en 1998: *Preservación, conservación e manipulación de fondos bibliográficos ; Captación de rexistros e creación de holdings ; Informática para bibliotecarios ; Técnicas de recollida de información e análise de datos en servicios bibliotecarios ; Os retos da información ante o século XXI .*

Tamén houbo participación do persoal da BUSC noutros cursos deste Plano de carácter xenérico: *Novos Estatutos da USC ; Técnicas de indización e clasificación de recursos en Internet ; Curso Excel ; Acces ; Word ; etc.*

Como en anos anteriores a BUSC estivo representada pola Dirección da Biblioteca de Matemáticas na Reunión Anual de DOCUMAT.

En 1998 o persoal da BUSC continúa a súa participación nos seguintes proxectos de investigación financiados pola Secretaría de Estado de Universidades, Investigación y Desarrollo:

- Dna. M<sup>a</sup> Virtudes Pardo Gómez, Subdirectora de Coordinación, participa no proxecto "*Ilustración, censura y modernidad en el contexto de los siglos XVIII y XIX*", dirixido polo Profesor Doctor Xosé Luís Barreiro Barreiro.
- Dna. Concepción Varela Orol, Directora da BUSC, participa no proxecto "*Evaluación de la calidad en los servicios de las Bibliotecas Universitarias*", dirixido polo Profesor Doctor Xavier de Salvador González.

Ademáis, Dna. Celia Couce Cachaza, Xefa da Sección de Procesos Técnicos, participa no proxecto (ampliación en 1997 do proxecto do ano 1995)

*“La Biblioteca América : catalogación temática”*, dirixido pola Profesora Doctora Pilar Cagiao Vila, financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

En 1998 fixéronse as seguintes modificacións de espazos nas Bibliotecas do Campus de Santiago:

- B. de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía, Campus Norte: ampliación de 19 m<sup>2</sup> no depósito
- B. de Xeografía e Historia e CC. da Información: ampliación de 120 m<sup>2</sup> para a instalación dunha nova Sala de Lectura

Na memoria do ano pasado sinaláranse as importantes insuficiencias que presentaban moitas das instalacións da Biblioteca Universitaria. Esa situación non experimentou melloras ó longo de 1998, agás a ampliación da Sala de Lectura da B. de Xeografía e Historia e CC. da Información.

A Biblioteca Intercentros das Facs. de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía tivo que recurrir á instalación dun novo “compacto” para poder almacena-las novas adquisicións. Esta solución debe considerarse provisoria, xa que este tipo de almacenamento complica extraordinariamente o servizo de fondos de uso frecuente.

Na Biblioteca Xeral, según o informe da Unidade Técnica da USC, non é adecuado proceder ó reforzamento da estrutura das plantas do depósito, coa finalidade de que soporte a instalación de sistemas de estantería compactos. Só é posible instalar este sistema no 5<sup>o</sup> depósito. A dirección da BUSC agarda poder comeza-la compactación das estanterías dese depósito en 1999, xa que os problemas de almacenamento son cada vez máis acuciantes.

Do presuposto de equipamento de 1998 (15.000.000 ptas.), dedicáronse aproximadamente o 50% a mellora e renovación do equipamento tecnolóxico, tanto en servicios centralizados (Préstamo Interbibliotecario, sistema informático da BUSC), coma nos distintos centros (Pcs para consulta de Cds monoposto nas B. de Farmacia, Medicina, Bioloxía, Química, Maxisterio Lugo, renovación material deteriorado ou obsoleto nas B. de Económicas, Física, Bioloxía, Química e B.Xeral, adquisición de equipamento informático para inicia-la automatización da B. Intercentros de Dereito, Políticas e Relacións Laborais).

O 50% restante dedicouse a adquisición de mobiliario, fundamentalmente á renovación das sillas das salas de consulta da B. Xeral e da B. de Farmacia, e á instalación de postos de consulta para investigadores na B. de Filoloxía.

## DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓN

No ano 1998 ingresaron na BUSC 35.223 títulos de monografías, un 7.01% menos que en 1997.

Dos 35.223 títulos, 26.158 (-4.29% que en 1997) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver táboas no apartado de Presuposto).

Coas Axudas da Xunta adquiríronse 1.237 títulos (36.98% de incremento respecto ó ano anterior), 6.743 títulos (-29,78% diminución sobre 1997) ingresaron por intercambios e doazóns, e 1.085 títulos por Depósito Legal (-30% que en 1997).

Estas diminucións no número de monografías ingresadas en 1998 rexístranse en tres apartados, libros adquiridos coas aportacións dos Departamentos e Centros da USC, libros procedentes de doazóns e libros ingresados por Depósito Legal.

No que se refire ós libros adquiridos coas aportacións de Departamentos e Centros, a diminución (-40.69% respecto ó ano anterior) está motivada pola baixa de ditas aportacións en 1998, baixa xa comentada no capítulo de Presuposto. A diferenza de 3.000 exemplares respecto a 1997 nos ingresos por doazóns, non debe considerarse real xa que no proceso de reorganización e informatización dos fondos bibliográficos da B. da Fac. de CC. Económicas levado a cabo nos tres últimos anos, incluíronse fondos non procesados de anos anteriores.

Entre as doazóns procedentes de particulares (non incluídas por estar aínda sen procesar) ingresaron a biblioteca de Dn. Manoel Coutinhoen

Castro na Facultade de Xeografía e Historia, composta aproximadamente por 6.550 libros e 730 vídeos, e a biblioteca do ciruxano Dn. José Luis Barros Malvar na B. da Facultade de Medicina e Odontoloxía, integrada por 2.000 libros e 31 títulos de revistas.

Seguindo coa política de conseguir coleccións exhaustivas de fondos galegos, a BX adquiriu distintos fondos retrospectivos en librerías de anticuario e no mercado de ocasión. Hai que destacar neste apartado a adquisición da obra de *Paulo Orosio, Historiarum adversus paganos libri VII (Coloniae, 1561)*, de *Valle-Inclán, Cuento de abril (Madrid, Gregorio Pueyo, 1910)* e dos manuscritos *Reglamento de la Sociedad Tertulia Recreativa de la Villa de Fornelos (1887)*, *Diego Osés, Historia del Retiro del Calvario de los Picos, Mondoñedo (1985)* e *P. Villalobos, Misión General de El Ferrol del Caudillo y su comarca : Estudio religioso-social (1960)*.

As coleccións históricas da BX completáronse coa adquisición de reimpresións de edicións clásicas das obras de Malesherbes, Rousseau, Saint-Simon, etc. Para a B. América adquiriuse o CD-ROM da Colección Clásicos Tavera, *Obras clásicas para la historia de Brasil*.

Coa Axuda para Infraestructura de Investigación da Xunta de Galicia. adquiríronse as obras bibliográficas *Bibliografia Generale Italiana del Secolo XV a 1997 en CD-ROM* e a *Bibliographie Française du debut du Xveme Siecle à 1997 en CD-ROM* e os CD-ROMs editados en 1998 do *Periodical Contents Index*, todos eles para a Sección de Información Bibliográfica e Referencia.

Unha distribución por Centros dos principais datos de adquisicións en 1998 pode verse na seguinte táboa:

	Compra presup.USC	Compra Ax.Infr.Xunta	Donat., Interc.	Adquisicións 1998
B.X.	4.967	3	1.450	7.505
Bioloxía	389	128	205	722
CC.Económicas	1.500	32	262	1.794
Der.,Pol.,Rel.Lab.	2.923	25	508	3.456
Farmacia	366	96	68	530
Filoloxía	3.240	5	1.304	4.549
Fª ,CC.Educ.,Psi.	4.216	22	488	4.726
Física e Óptica	482	25	169	676
Xª -Hª ,CC.Inf.	2.809	491	898	4.198
Matemáticas	786	31	0	817
Medicina	381	65	315	761
Química	275	41	82	398
Intercentros Lugo	2.747	266	845	3.858
Maxist. Lugo	553	6	30	589
Enfermería	168	1	11	180
ICE	356	0	108	464
Totais	26.158	1.237	6.743	35.223

As coleccións de publicacións periódicas pagadas co presuposto da BUSC mantivéronse en liñas xerais cos mesmos títulos de anos anteriores. Pecháronse 38 títulos, abríndose a cambio 42 novas subscricións.

Con cargo, fundamentalmente, ás Axudas para Infraestrutura de Investigación da Xunta de Galicia adquiríronse 80 títulos de publicacións periódicas para completar fondos xa existentes.

Na Biblioteca Xeral adquiríronse 245 fascículos que completan fondos da Sección Galicia, entre os que cabe destacar *Vida gallega* (Vigo, con fascículos entre os anos 1909 e 1922), *Noticiero del Avia* (Ribadavia, fascículos dos anos 1911, 1912, e 1913), *La Idea* (Redondela, fascículos dos anos 1908, 1912 e 1913), *Boletín Oficial del Obispado de Lugo* (Lugo, boletíns dos anos 1896 a 1960) e Memorias anuais de Compañías de Ferrocarrís e Tranvías da primeira metade deste século.

Recibíronse 764 fascículos de 133 títulos procedentes de intercambios con outras 22 Bibliotecas, destacando as aportacións da Universidad de Cantabria. A BUSC enviou 1.827 fascículos de 193 títulos, destacando o envío ás Universidades de Granada e Córdoba.

Un desglose do estado da colección de publicacións periódicas pode verse na seguinte táboa:

## COLECCIONES DE PUBLICACIONES PERIÓDICAS

Centros	Títulos cesados	Presup. BUSC	Presup.Dep. Centros	Intercambio	Doazóns	Total en curso
B.X.	7.704	99	53	114	270	536
Bioloxía	502	138	13	148	36	336
CC.Económicas	1.235	333	64	65	283	752
Der.,Pol.,Rel.Lab	1.257	486	339	97	256	1.180
Farmacía	726	243	8	49	74	375
Filoloxía	737	356	209	184	78	832
Fª ,CC.Educ.,Psi.	706	379	74	204	88	754
Física e Óptica	251	201	7	10	10	228
Xª -Hª ,CC.Inf.	1.455	344	135	263	144	890
Matemáticas	80	253	15	44	24	336
Medicina	896	291	0	12	64	367
Química	472	183	1	11	19	214
Intercentros Lugo	621	369	57	96	139	671
Maxist. Lugo	96	70	0	105	35	212
Enfermería	5	21	0	0	15	36
Observatorio	211	21	3	0	32	56
ICE	205	17	39	3	62	121
<b>Totais</b>	<b>17.005</b>	<b>3.913</b>	<b>1.041</b>	<b>1.287</b>	<b>1.530</b>	<b>7.771</b>

No referente á restauración de fondos históricos, fíxose intervención na obra: *Constituciones de la Real Universidad de Santiago, y sus Colegios, Mayor y Menor. Santiago, 1602.*



Finalmente sinalar que neste ano concluiu a primeira fase do Proxecto de microfilmación de fondos históricos da B. Xeral, comezado no ano 1988. Nesta fase procedeuse á microfilmación das coleccións de xornais galegos editados entre finais do S. XIX e a primeira metade do S.XX, en conxunto 12 títulos, 229 carretes e aproximadamente 119.100 fotogramas.

## PROCESOS TÉCNICOS

A finais de decembro de 1998 a base de datos bibliográfica da BUSC contaba con 475.791 rexistros bibliográficos de monografías (424.906 libros, folletos e materiais noutros soportes e 50.885 descripcións de partes compoñentes: artigos de revistas e partes de monografías), correspondentes a 650.693 volumes. O catálogo de revistas contaba con 20.762 rexistros correspondentes a 25.988 coleccións.

En 1998 rematou o proceso de recatalogación e resignaturización dos fondos da Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Este traballo supuso a incorporación dun total de 41.712 rexistros. A finais de ano o catálogo desta Biblioteca, xa enteramente automatizado, contaba con 48.567 rexistros de fondos.

Tamén neste ano realizáronse traballos de reconversión a soporte informático dos catálogos manuais en fichas nos seguintes centros: Biblioteca da Facultade de CC. da Educación, campus norte (antigo Maxisterio de Santiago), Biblioteca do Arquivo Histórico Universitario e Sección de Rústica da B. Xeral.

Na Biblioteca da E.U. de Maxisterio de Lugo realizouse a catalogación de 4.779 fondos que estaban sen procesar e na B. Xeral se catalogaron 2.377 teses lidas na USC, a maioría procedentes da Comisión de Doutoramento.

A incorporación das teses á base de datos bibliográfica inclúese no proxecto, iniciado este ano, de elabora-lo catálogo de teses da USC. A finais de ano as Bibliotecas de centro comenzaron a incorpora-los rexistros das teses lidas nas Facultades, e na B. Xeral vanse catalogando os novos exemplares remitidos pola Comisión de Doutoramento.

A finais de 1998 faltan por incorporar á base de datos automatizada da BUSC os fondos bibliográficos da Biblioteca Intercentros de Dereito, Políticas e Relacións Laborais (aprox. 100.000 rexistros) e gran parte do fondo antigo e anticuado da Biblioteca Xeral (aprox. 50.000 rexistros).

No último trimestre publicouse o concurso público para reconversión de parte do catálogo manual (5.000 títulos do fondo de alumnos) e recatolagación de parte do fondo de investigación (28.000 títulos) da Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, Políticas e E.U. de Relacións Laborais. Está previsto que os traballos comecen no primeiro trimestre de 1.999.

Este concurso supón a posta en marcha da primeira fase do proxecto de automatización do catálogo desta Biblioteca. Tendo en conta que está previsto que dentro de 2 anos finalice a construción do novo edificio da Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais, a Dirección da BUSC pretende ter concluída a automatización no momento do traslado a este novo edificio.

A base de datos bibliográfica foi incrementándose tamén coa incorporación dos rexistros de novas adquisicións de tódalas Bibliotecas do Campus de Santiago, agás a Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, Políticas e E.U. de Relacións Laborais na que está previsto incia-la catalogación das obras de novo ingreso en 1999, o mesmo tempo que se inician os traballos de reconversión dos catálogos.


No que se refire ás publicacións periódicas, indicar que a maioría das Bibliotecas do Campus de Santiago concluíron o proceso de revisión do catálogo, e que a finais de xuño comezou a revisión das publicacións do Campus de Lugo.

A finais de 1998 no Campus de Santiago faltaba por finalizar estes traballos de revisión na Biblioteca Intercentros de Dereito, Políticas e Relacións Laborais, Biblioteca de Medicina e Biblioteca Intercentros de Xeografía e Historia e CC. da Información. Os restantes centros xa concluíran entre 1996 e 1997.


O fin de 1998 o catálogo de revistas contaba con 20.762 títulos correspondentes a 25.988 coleccións (4.787 de fondos galegos). Estes datos inclúen revistas en curso e cesadas. Como xa se indicaba na memoria do ano pasado, o alto índice de publicacións duplicadas (5.226 títulos) explicaríase pola existencia de coleccións abertas e cesadas, polas duplicacións existentes entre os campus de Santiago e Lugo e polas suscripcións que se están a duplicar con presupostos de Proxectos, Departamentos e Centros.

Nos gráficos seguintes pode verse o estado da base de datos e dos catálogos que a forman, e a distribución de fondos por Centros :


### Catálogo de monografías



### Fondos xerais




### Fondos Galicia




## Catálogo de monografías. Número de exemplares por Centro

Centro	Cat. Galicia	Cat. Xeral	Total
B. Xeral	57.486	92.899	150.385
Bioloxía	1.650	14.101	15.751
Económicas	2.611	45.956	48.567
Farmacía	1.021	11.751	12.772
Filoloxía	11.904	101.285	113.189
Fil., CC. Ed., Psi.	8.441	77.081	85.522
Física e Óptica	598	9.145	9.743
Xª -Hª , CC. Inf.	9.118	71.015	80.133
Matemáticas	863	22.361	23.224
Medicina	715	13.621	14.336
Química	563	11.601	12.164
Enfermería	93	3.099	3.192
Observatorio	71	1.137	1.208
ICE	287	2.005	2.292
A.H.U.S.	1.164	2.306	3.470
Museo Luis Iglesias	49	600	649
IDEGA	1	154	155
B. Intercentros	6.423	49.496	55.919
Maxisterio Lugo	2.829	15.193	18.022
Totais	105.887	544.806	650.693



## Catálogo de publicacións periódicas. Número de coleccións por Centro

B. Xeral	9786
Bioloxía	926
Económicas	2139
Der., Pol., Rel Lab.	1711
Farmacía	1430
Filoxía	1609
Fil., CC. Ed., Psi.	1625
Física e Óptica	496
Xª -Hª , CC. Inf.	2193
Matemáticas	505
Medicina	1169
Química	720
Observatorio	316
ICE	290
B. Intercentros Lugo	645
Outros	400



## SERVICIOS

Como xa se sinalaba na introducción, os aspectos máis destacables, no que a servicios se refire no ano 1998, están relacionados co aproveitamento que as melloras tecnolóxicas están a supoñer nos servicios ós usuarios, facilitando o acceso á información dende lugares remotos ás instalacións bibliotecarias.

O **boletín de sumarios de revistas** ofertado no ano 1997 na web modificouse en 1998. Ese boletín, elaborado polo persoal da BUSC, daba acceso ó enderezo http de revistas que dispoñían dese soporte, sexa para a edición a texto completo, os índices ou os abstracts.

En 1998 o boletín contratouse coa distribuidora Swets (adxudicataria do concurso de subscricións das revistas extranxeiras), que oferta o produto SwetScan sobre os títulos subscritos pola BUSC máis 89 títulos, seleccionados polos distintos centros da USC, dos que non temos suscripción.

A base de datos de índices SwetScan descárgase por FTP no servidor da Biblioteca. Esta forma de instalación permite oferta-la posibilidade de subcribirse ós sumarios dun máximo de 25 títulos de revistas. Os índices vanse recibindo a medida que se publican os fascículos. No momento en que se reciben no servidor da Biblioteca, envíanse ó buzón de correo electrónico dos usuarios que teñan feito unha subscrición a eses títulos.

O boletín inclúe tamén acceso a índices dun número menor de títulos non ofertados por SwetScan. Destes títulos non é, polo tanto, posible facer subscricións, xa que residen en servidores alleos á BUSC.

Como consecuencia destas modificacións, o acceso á edición electrónica de revistas separouse do boletín de sumarios, pasando a constituir un novo

servicio na web. O **servicio de revistas electrónicas** dá acceso á edición electrónica de 234 revistas en curso da BUSC que ofertan este soporte. A maioría conteñen o texto completo dos artigos (209 títulos), e un número menor (25 títulos) soamente os abstracts.

Tamén neste ano levouse a cabo a implantación xeneralizada do **formulario de adquisicións**, que como xa se sinalaba na memoria de 1997 estivera en probas na B. de Farmacia. Este formulario permite solicitar a adquisición de libros, videos, CD-ROMs, etc. que non teñan carácter periódico. O solicitante pode incluí-lo seu enderezo electrónico e recibir información sobre o estado da súa petición ou aviso de que a obra xa se recibiu na Biblioteca.

Todos estes servizos, polas súas características, están restrinxidos ós membros da Comunidade universitaria de Santiago.

No que se refire á **Rede de CD-ROMs**, en 1998 estiveron xa en uso todas as bases de datos seleccionadas para se instalar en versión en rede.

Os datos estatísticos comprenden todo o ano 1998 e recollen o número de consultas ás 26 bases de datos. A estimación de uso diario de cada base estableceuse tendo en conta soamente os días laborables (220 días ó ano).

A análise destes datos mostra un uso moito maior das bases das áreas de ciencias puras e biomedicina fronte ó resto das áreas, destacando un ano máis o grande uso do Chemical Abstracts, que representa o 27.3% do total de consultas.

Na táboa seguinte móstranse ordeadas de maior a menor estas consultas:

<b>Base de datos</b>	<b>Consultas (01/01/98-31/12/98)</b>	<b>Consultas por día</b>
Chemical Abstracts	19.668	89,40
Medline	10.077	45.80
Biological Abstracts	7.336	33.35
Agris	4.781	21.73
Analytical Abstracts	3.368	15.31
PsycLIT	3.151	14.32
J. Science Reports	2.271	10,32
Econlit	2.099	9.54
CSIC	2.049	9,31
International Pharm. Abstracts	1.943	8.83
C.C. Life Sciences	1.909	8,67
Global Books in Print	1.664	7,56
Rebiun	1.538	6,99
C.C. Agric, Biol & Env. Sci.	1.499	6,81
Bibliografía Nacional Española	1.445	6,57
Serline	1.355	6.16
ERIC	1.340	6.09
C.C. Phys., Chem. & Earth Sci.	938	4,26
British Library General Catalog	676	3,07
C.C. Soc. & Behav. Sci.	672	3,05
Period. Cont. Index	551	2,50
DocTheses	406	1,85
Boston Spa Conf.	337	1,53
Soc. Sci. Reports	328	1,49
Arts & Hum. Cit. Index	289	1,31
Francis	252	1,15

En 1998 tódalas Bibliotecas, agás a B. Intercentros de Dereito, CC. Políticas e Relacións Laborais, tiñan automatizado o **Servicio de préstamo e consulta en sala**. Nalgúns casos, coma na B. Xeral, na B. de Maxisterio de Lugo ou na B. de Medicina, séguese a realiza-lo préstamo manual dalgúns fondos non incluídos na base de datos ou que non teñen asignado código de barras.

Os servicios de consulta en sala e préstamo a domicilio serviron 555.184 volumes de monografías, 8.554 menos que no ano anterior, o que supón unha diminución dun 1,5%. Esta diminución nas cifras totais podería explicarse pola existencia dun número moi elevado de reclamacións sobre as obras de investigación, o que supón que os préstamos realizados en anos anteriores non se renovan e non son contabilizados como novos préstamos.

Nas táboas seguintes pode verse a distribución de volumes de monografías servidos nos distintos puntos de servicio , e o número de reclamacións por usuarios dos distintos centros:

### Volumes de monografías servidos en 1998

<b>Centro</b>	<b>Consulta Sala</b>	<b>Préstamo</b>	<b>Total volumes servidos</b>
B.Xeral	22.097	57.638	79.735
Bioloxía	745	22.075	22.820
Económicas	1.508	35.893	37.401
Dereito, CC. Polít.e Rel. Laborais	5.486	32.752	38.238
Farmacia	981	8.869	9.850
Filoloxía	11.035	57.548	68.583
Filosofía, CC. Ed., Psi.	9.812	59.454	69.266
Física e Óptica	962	20.546	21.508
Xeograf. e Historia, CC. Información	12.844	44.775	57.619
Matemáticas	829	17.063	17.892
Medicina	6.583	11.641	18.224
Química	8.229	15.384	23.613
Enfermería	2.287	4.484	6.771
ICE	0	1.987	1.987
B. Intercentros Lugo	0	70.977	70.977
Maxisterio Lugo	4.637	6.063	10.700
<b>TOTAIS</b>	<b>88.035</b>	<b>467.149</b>	<b>555.184</b>

Os datos de consulta en sala reflicten soamente o uso de fondos en acceso pechado. Ós volumes contabilizados habería que engadi-las consultas in

situ sobre os fondos en acceso directo (fundamentalmente os fondos de uso máis frecuente), así como as consultas ás publicacións periódicas. Os centros con uso 0 teñen a totalidade dos fondos en acceso directo.

### Reclamacións por tipos de usuarios e centros

Centro	Alumnos 1º-2º ciclo	Reclamacións	%	Investigadores Alumn. 3º ciclo	Reclamacións	%
B. Xeral	781	345	17	166	1.427	73
Bioloxía	1.834	2.037	16	310	10.890	84
Económicas	4.779	2.930	26	285	7.719	70
Der., Pol., Rel. Lab.	3.623	1.643	85	141	114	6
Farmacia	1.229	451	7	357	5.862	86
Filoloxía	3.623	3.223	37	736	4.726	55
Fil., CC. Ed., Psi	4.886	5.762	44	788	6.601	50
Física e Óptica	1.554	1.686	20	401	6.512	78
Xª -Hª , CC.	2.828	4.701	56	577	3.095	37
Matemáticas	1.112	947	14	185	5.643	84
Medicina	1.933	412	53	167	330	43
Química	1.601	1.010	39	378	1.590	61
Enfermería	657	92	94	36	6	6
ICE	34	37	69	17	7	13
B. Intercentros	6.893	3.151	24	491	8.761	67
Maxisterio	482	34	71	53	14	29
TOTAIS	37.849	28.461	31	5.088	63.297	69

A análise destes datos indica que no grupo de usuarios alumnos de primeiro e segundo ciclos hai unha media de 0.75 obras reclamadas por usuario e no grupo de profesores, investigadores e alumnos de terceiro ciclo a media de obras reclamadas por usuario é de 12.

Tódalas bibliotecas prestan diversos **servicios de información** bibliográfica, aínda que a maioría non están en disposición de levar un control estatístico dos mesmos. Entre as 5 bibliotecas que contabilizaron este servicio (B.X., Dereito Políticas e Relacións Laborais, Medicina, Xeografía e Historia e CC. da Información e B. Intercentros do Campus de Lugo), destaca a B. de Medicina, que resolveu 6.959 consultas bibliográficas e sobre horarios e servicios da BUSC.

Na B. Xeral os usuarios do Servicio de Información foron 2.085 e plantexaron 4.000 consultas, das que soamente 31 non foron resoltas. Destas consultas 1.059 foron sobre os propios servicios da BUSC, 1.137 sobre os catálogos da BUSC, 1.417 búsquedas bibliográficas en obras de referencia e bases de datos, e as 387 restantes sobre identificación de obras á venda, enderezos de organismos, etc.

Prácticamente tódalas bibliotecas, coa excepción das B. de Dereito, CC. Políticas e Rel. Laborais, Física e Óptica e Xeografía e Historia e CC. da Información, realizaron actividades de formación. Estas actividades dirixíronse en tódolos casos ós alumnos de primeiro curso, pero moitas delas fixéronnas tamén dirixidas ó segundo e terceiro ciclo e a profesores e investigadores. A formación vai dirixida a familiariza-los usuarios cos servicios da BUSC, a consulta o catálogo e o coñecemento e manexo dos recursos electrónicos.

O servicio de **préstamo interbibliotecario** seguiu a realizar en dous puntos de servicio para a USC: a B. da Facultade de Medicina para os usuarios desta Facultade e a Biblioteca Xeral para tódolos outros usuarios. En conxunto ambas bibliotecas realizaron 20.688 transaccións de solicitudes de documentos : 12.224 (+4.56% que en 1997) de documentos non existentes na BUSC e 8.464 (-9.14% que en 1996) de documentos propios por parte doutras bibliotecas e centros de documentación.

A análise destes datos en comparación ós de 1997 indican un lixeiro aumento nas solicitudes de documentos non existentes na BUSC. Este aumento prodúcese na demanda de documentos por parte da Universidade de Vigo

(2.284 solicitudes, +29.47% que en 1997), mentras que nas solicitudes dos usuarios da Comunidade Universitaria de Santiago non hai prácticamente variacións respecto ó ano anterior (9.926 solicitudes en 1997, 9.940 solicitudes en 1998). Apréciase tamén unha baixa na demanda de documentos por parte de bibliotecas alleas á BUSC.

Das 12.224 solicitudes de usuarios da BUSC, 620 non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se demandasen ó extranxeiro, ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos. Das restantes solicitudes obtivéronse 10.325 documentos (84.46%), non se obtiveron 545 (4.45%) e estaban en trámite a fins de ano 734 (6%).


Os promedios de tempo na obtención dos documentos ou respostas negativas nas peticións feitas pola BUSC a outras bibliotecas, que experimentara unha mellora no ano 1997, volveu ós índices de 1996, agás no promedio de obtención de solicitudes tramitadas na B. de Medicina que mantén os tempos de 1997. Estes tempos son: 20.38 días nas solicitudes tramitadas na B. Xeral, 14.87 días na B. de Medicina, 28.60 días en obter resposta negativa na B. Xeral e 44.98 días na B. de Medicina.

A maioría destas demandas foron artigos de revistas obtidos en fotocopias (11.255) e 969 foron documentos orixinais prestados temporalmente.

Destes documentos 7.955 foron localizados en bibliotecas españolas, un 42.5% en bibliotecas da rede Rebiun. O máis importante provedor extranxeiro continúa a se-la British Library, de quen se recibiron o 16.87% dos documentos obtidos.

A procedencia das solicitudes dos usuarios da USC pode verse no gráfico seguinte:

Documentos solicitados




As solicitudes de usuarios da USC seguiron a tendencia dos anos anteriores mostrando unha grande dispersión de títulos, xa que soamente 28 títulos tiveron máis de 15 demandas no ano. Nalguns casos tódalas solicitudes corresponden a un único solicitante (Vaccine, 25 solicitudes ;ICES J. of Marine Science, 21 solicitudes, Bentham Newsletter, 17 solicitudes), noutros están moi concentradas en poucos usuarios (Strategic Management Journal, 35 solicitudes de 3 usuarios ; J. Prosthet Dent, 33 solicitudes de 6 usuarios).

Dos documentos propios suministrados nos dous puntos de servicio 856 foron préstamos de orixinais, dos que a maioría corresponden ás Bibliotecas de Filoloxía (261), BX (158), e Xeografía e Historia e CC. Información (141).

Os restantes documentos foron artigos de revistas, dos que Medicina foi novamente o principal proveedor (2.527 artigos), seguido coma en anos anteriores polas Bibliotecas de Química (940 artigos) e Farmacia (852 artigos).

As solicitudes recibidas nos dous puntos de préstamo interbibliotecario corresponderon a fondos de distintos puntos de servicio, como pode verse no seguinte gráfico:



Ademais destes fondos, as distintas bibliotecas da BUSC serviron 1.622 documentos á Universidade de Vigo. A Biblioteca da Facultade de Matemáticas, pola súa parte, enviou 181 documentos á rede DOCUMAT.

Como ven sendo habitual a BUSC colaborou con distintas institucións cara a realización de exposicións e a reprodución dalgún dos seus fondos.

En 1998 as Exposicións nas que figuraron fondos da BUSC foron as seguintes:

- *150 Anos de Preparadores do Museo de Historia Natural*, organizada polo Museo de Historia Natural Luis Iglesias, da Universidade de Santiago, xuño 1998
- *Las Tierras y los Hombres del Rey*, Valladolid, Museo Nacional de Escultura, 22 de outubro 1998 - 10 de xaneiro 1999

- *Mostra Internacional do American Council on the Teaching of Foreign Language*, Chicago, 11-30 novembro 1998

- *Don Ramón María del Valle-Inclán (1866-1898)*, Santiago de Compostela, novembro 1998-xaneiro 1999, da que foi Comisario Dn. Francisco Xabier del Valle-Inclán Alsina, bibliotecario desta Universidade.

Coma contribución á celebración do Día das Letras Galegas, adicado este ano á lírica medieval galega e ós trovadores, a Biblioteca preparou unha mostra destas obras os días 15 ó 30 de maio no Claustro alto de Fonseca.

En canto a reprodución de obras cara a súa edición foron as seguintes:

- Reproducción de miniaturas do *Libro de horas de Fernando I*, solicitadas polo Centro de Estudos Políticos y Constitucionales.

- Reproducción de parte da obra *Medidas del Romano*, de Diego de Sagredo, Lisboa 1541

- Reproducción do Ms. 265, *Tonos*, de Joséph Miguel de Guerra, finais do século XVII

É de destacar, finalmente, a publicación neste ano do *Catálogo de Manuscritos da Biblioteca Xeral*, redactado por María Virtudes Pardo Gómez e editado polo Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago. Esta publicación completa a serie de catálogos impresos do fondo antigo e seccións especiais da Biblioteca Universitaria iniciado por Dn. José María Bustamante.